

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 14.

A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL:PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS

***Textos que apareceron en exames ABAU**

Doc.1.- María Teresa de Braganza e Borbón, muller do infante Don Carlos, expón así algunhas das ideas do Carlismo:

“Relixión, Patria e Rei (...). Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus (...). O liberalismo é puro absolutismo, porque se atribúe a si un poder que non lle vén de Deus, de quen prescinde, nin do pobo soberano, porque a este non se lle concede senón o van e ridículo dereito de depositar un billete nunha urna electoral”.

Doc.2- Estatuto Real 1834

Art.1. A Raíña Gobernadora, no nome da súa excelsa filla, dona Sabela II, resolveu convocar as Cortes xerais do Reino.

Art.2. As Cortes Xerais estarán formadas por dous Estamentos: o de Próceres do Reino e o de Procuradores do Reino.

Art.3. O Estamento de Próceres do Reino estará formado por: (...) os arcebispos e bispos, os Grandes de España, os Títulos de Castela, (...) os propietarios territoriais (...).

Art.13. Para ser Procurador do Reino requírese: (...) ter trinta anos cumpridos, estar en posesión dunha renda propia anual de doce mil reais (...).

Art.24. Corresponde exclusivamente ao rei convocar, suspender e disolver as Cortes.

Doc. 3. Pastoral do bispo de Mondoñedo (1837)*:

“Carlitas, pelexade ata a morte polo voso Deus, polo voso Rei, pola vosa Relixión, polas vosas leis, por vós mesmos e polo ben do mundo enteiro (...). Respectade e honrade aos Sacerdotes que eles tanto perseguen, e buscádeos con ansia, se vos remorde algún delito para confesarlle e dar gloria ao voso Deus (...)”

Doc 4.- A Constitución de 1837

Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz; as Cortes xerais congregadas con este fin, decretan e sancionan a seguinte constitución

Art. 2 Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura con suxeición ás leis (...)

Art. 9 Ningún español pode ser procesado nin sentenciado senón polo xuíz ou tribunal competente (...).

Art. 12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei

Art. 15. Os Senadores son nomeados polo Rei a proposta, en lista tripla, dos electores que en cada provincia nomean os Deputados a Cortes.

Art. 45. A potestade de facer executar as leis reside no Rei, e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce á conservación da orde pública no interior, e á seguridade do Estado no exterior, conforme á Constitución e ás leis

Art. 46. O Rei sanciona e promulga as leis (...)

Art. 70. Para o goberno interior dos pobos haberá Concellos, nomeados polos veciños, a quen a lei conceda este dereito. (...)

Art. 77. Habrá en cada provincia corpos de Milicia nacional, cuxa organización e servizo arranxarase por unha lei especial; e o Rei poderá, en caso necesario, dispoñer desta forza dentro da respectiva provincia; pero non poderá empregala fóra dela sen outorgamento das Cortes.

Doc. 5.-En 1845, Joaquín Francisco Pacheco, líder do Partido Moderado, defende o sufraxio restrinxido:

“(…) O dereito electoral non será un dereito de todos, e as ínfimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola razón sinxela de que non poderán exercelo convenientemente (…).

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce de certa renda ou o pagamento de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir o benestar, a vida desafogada e doada, en que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de todos os momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito; ese benestar mediano (…), ese é o que debe tomarse como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social (…).

Quen gaña afanosamente o seu sustento nun traballo ímprobo e co suor do seu rostro, quen non pode gozar algunha vez o digno descanso (…), quen está reducido a un escaso xornal (…), non pode pretender a consideración nin a estima política”.

Doc. 6. Preámbulo da Constitución de 1845*:

“Dona Isabel II, pola Graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos foros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (…) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.7 – Constitución de 1845

Artigo 11. A relixión da nación española é a católica, apostólica, romana. O estado obrígase a manter o culto e os seus ministros.

Artigo 12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Artigo 14. O número de senadores é ilimitado: o seu nomeamento pertence ao Rei.

Artigo 17. O cargo de Senador é vitalicio.

Artigo 45. Ademais das prerrogativas que a Constitución outorga ao Rei, correspóndelle (…) Expedir os decretos, regulamentos e instrucións que sexan conducentes para a execución das leis (…) Decretar o investimento dos fondos destinados a cada un dos ramos da Administración pública (…) Nomear e separar libremente os ministros.

Doc.8. Comentario sobre o intervencionismo militar na vida política (El pensamiento de la nación, 18 de marzo de 1846)*:

“As queixas contra a preponderancia militar datan de moito tempo: hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas a outras polos estados de sitio. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles aos progresistas repetir os mesmos cargos que logo reproduciron os moderados ata 1843; dende o pronunciamento de xuño do dito ano quéixanse outra vez os progresistas (…).

O poder militar é forte porque o civil é fraco, non tanto se debe pensar en abater aquel como en fortalecer este; a forza do poder civil será a ruína do militar, que deixará de ser poder e pasará a ser unha clase como as demais do Estado...”.

Doc. 8 Manifesto fundacional do Partido Demócrata, 1849:

“Partindo destes principios fundamentais:

1º Reformaríamos a Constitución do Estado en Cortes Constituíntes, convocadas baixo as fases de elección directa, sufraxio universal e un deputado por cada trinta mil almas.

2º Armariamos, desde logo, a Milicia Nacional, organiza de xeito que sen ser un embarazo para o Goberno, conservase as institucións e a orde pública (...)

3º Declararíamos a imprenta libre, sen depósito nin fianza nin trabas fiscais”.

Doc. 9. Manifiesto do Manzanares. Leopoldo O'Donnell, Conde de Lucena. Cuartel Xeneral de Manzanares. 7 de xullo de 1854.

"Españois: a entusiasta acollida que vai atopando nos pobos o exército liberal; o esforzo dos soldados que o compoñen, tan heroicamente mostrado nos campos de Vicálvaro, o aplauso con que en todas partes foi recibida a noticia do noso patriótico alzamento, aseguran desde agora o triunfo da liberdade e das leis que habemos de defender.

Dentro duns poucos días a maior parte das provincias sacudirían o xugo dos tiranos; o exército enteiro porase baixo as nosas bandeiras, que son as leais; a nación gozará os beneficios do réxime representativo, polo cal derramou até o de agora tanto sangue inútil e soportou tantos sacrificios. Día é, pois de dicir o que estamos resoltos a facer o da vitoria. Nós queremos a conservación do trono, pero sen camarilla que o deshonre; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais mellorándoas, sobre todo a electoral e a de imprenta [...] queremos arrincar os pobos á centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria para que conserven e aumenten os seus intereses propios; e como garantía de todo isto, queremos e exporemos baixo sólidas bases a milicia nacional”.

Doc. 10. En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento*:

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.